



ANEXO I

AO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES

Mediante resolución de xxxxxxxx de 2017, o concelleiro delegado de Parques e Xardíns, a proposta da xefatura do Servizo, resolveu iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar, por procedemento aberto, as obras de construcción dun parque infantil, pista deportiva e área de descanso en Navia (expte. xxxxxx/446).

Na documentación incorporada ao expediente, consta o prego de prescripcións técnicas particulares obrante no proxecto redactado pola arquitecta, dona Silvia Sánchez Rosell, de data decembro de 2017, en virtude do contrato menor de servizos nº 9698/446. O proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 14 de decembro de 2017 (expte. 9924/446).

O presente anexo redáctase co fin de incorporar o mantemento do parque infantil, da área de descanso e da pista deportiva ao prego de prescripcións técnicas particulares que rexen o presente contrato. O adxudicatario deberá facerse cargo do mantemento das tres zonas durante un período de tres meses, dende a data de recepción das obras.

Os labores de mantemento a realizar no parque infantil, unha vez recepcionadas as obras, serán aquelas tarefas que están incluídas no prego de mantemento municipal dos parques infantís no momento da recepción das obras, o cal se detalla a continuación.

O custe do mantemento do parque infantil é de 1.290,00€/mes.

1.- OBXECTIVOS

O obxectivo de todas as labores de conservación e reposición da área de xogo ten que traducirse nun aspecto impecable percibible polos cidadáns co fin de conseguir a máxima calidade e seguridade.

2.- CONDICIÓN DO MANTEMENTO

O adxudicatario, co persoal idóneo en número e competencia profesional ao seu cargo a todos os efectos, así como con equipos de transporte, maquinaria e ferramentas de tipos, sistemas e características modernas e eficaces, atenderá debidamente en tempo e forma a realización dos seguintes labores:





Programa de inspección das áreas de xogo

- Inspección ocular de rutina.

Consistirá en identificar os riscos derivados de actos vandálicos, do uso ou dos axentes climatolóxicos. Cómpre observar nesta inspección os deterioros existentes apreciables nunha primeira ollada e, manter a área de xogo libre de obxectos perigosos. Semanalmente como mínimo e, todas as veces que sexa necesario, garantirse unha inspección a cada zona de xogo.

- Inspección funcional.

É unha inspección máis profunda co obxectivo de comprobar o funcionamento, a estabilidade, as ancoraxes ou cimentacións dos equipos e observar o estado e desgaste de pezas ou compoñentes. Realizarase unha inspección quincenal como mínimo e todas as que sexan necesarias.

Programa de mantemento

- Mantemento de rutina.

Realizarase diariamente e consistirá en:

- Axuste de pezas de unión
- Pinturas e tratamentos de superficies.
- Lubrificación de *coxigóns* e rodamento.
- Limpeza do equipo.
- Control do nivel mínimo esixible en materiais adecuados para as superficies de absorción de impactos (area, casca, grava, etc.) e repor material os mínimos esixibles.
- Limpeza e retirada de residuos perigosos (cristais, metais, pedras, latas, etc.)
- Mantemento das zonas de libre circulación dentro das áreas de xogo.

Os materiais necesarios para todo este mantemento serán por conta do adxudicatario.

- Mantemento correctivo.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2017 12:42	Páxina 2 de 6
Expediente 10114/446	CSV: 2BEE4-8E2AA-A3EAA-E4ABA	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Consistirá en:

- Substitución de pezas.
- Soldaduras ou renovación de pezas.
- Substitución de pezas defectuosas ou moi desgastadas.
- Substitución de elementos estruturais defectuosos ou moi deteriorados.

No momento de efectuar as reparacións ou substitucións debe prohibirse o uso dos elementos de xogo, acoutando a zona de traballo.

Todo o valado necesario para efectuar estes labores deberá estar sinalizado seguindo instrución do Departamento de Montes, Parques e Xardíns no referente a modelo de cartelería, dimensións, texto, etc.

Os materiais necesarios para todo este mantemento serán por conta do adxudicatario.

Normativa técnica que cumplir

As áreas de xogo infantís deberán cumplir o Decreto 245/2003, do 24 de abril polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís, así como a normativa europea seguinte:

- UNE-EN 1176-1: 2009
- UNE-EN 1176-2: 2009
- UNE-EN 1176-3: 2009
- UNE-EN 1176-4: 2009
- UNE-EN 1176-5: 2009
- UNE-EN 1176-6: 2009
- UNE-EN 1176-7: 2009
- UNE-EN 1176-10: 2009
- UNE-EN 1176-11: 2009
- UNE-EN 1177 2009

A aplicación das normas, deberá realizarse mediante as directrices establecidas nas UNE 147101: 2000 IN , UNE 147102:2000 IN y UNE 147103:2001 e as posibles novas normativas que se dispoñan ao longo do presente contrato.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2017 12:42	Páxina 3 de 6
Expediente 10114/446	CSV: 2BEE4-8E2AA-A3EAA-E4ABA	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



3.-CONDICIÓN XERAIS DE REPARACIÓN E REPOSIACIÓN

Definimos como **mantemento, conservación e reposición** de pezas necesarias, ao conxunto de traballos encamiñados á restitución do uso normal do elemento que se atopa danado, sexa cal sexa a reparación a facer e a causa do dano (incluso por actos vandálicos, accidentes, etc) incluíndo se fose necesario a substitución de algúns material ou estrutura, previa aprobación do Departamento de Montes, Parques e Xardíns. O contratista deberá reparar ou substituír as pezas que se deteriorem por acción de terceiros por culpa, dolo ou negligencia e subrogarse na posición da administración para efectuar as reclamacións oportunas.

Os materiais a empregar en todas as reparacións serán orixinais. Soamente en casos excepcionais autorizarase o uso de materiais non orixinais sempre que en caso de parques infantís se presente documento do fabricante que asegure que a reparación realizada con esos materiais non diminúa a seguridade do xogo.

O adxudicatario queda obrigado tamén a facerse cargo das canalizacións dende a acometida de auga ata o punto onde estea ubicado o bebedeiro.

Todos os materiais para realizar estas tarefas serán por conta do adxudicatario.

Procede unha **reposición completa ou total** cando a avaría ou dano sexa de tal magnitud, que o seu arranxo non sexa posible ou convinte.

Para a execución destes traballos, o adxudicatario reparará de xeito inmediato os elementos. No caso de que o elemento resulte inservible procederase ao seu inmediato valado e tras consulta co Departamento de Montes, Parques e Xardíns farase a súa substitución incluso demolición e/ou desmontaxe da cimentación.

Os elementos aos que se refire o parágrafo anterior que resulten inservibles e unha vez efectuada a comprobación oportuna polo departamento de Montes, Parques e Xardíns sobre a inutilidade de ditos elementos e a non posibilidade de substitución de partes parciais do mesmo, a reposición completa correrá por conta do Concello.

Todos os residuos serán responsabilidade do adxudicatario que os xestionará pola súa conta cumplindo escrupulosamente toda a lexislación e normativas en vigor.

En caso de que o Concello adquira novo mobiliario para as vías publicas, a

4 de 6



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2017 12:42	Páxina 4 de 6
Expediente 10114/446	CSV: 2BEE4-8E2AA-A3EAA-E4ABA	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



súa instalación, colocación e mantemento continuo será a cargo do adxudicatario, incluso os dados de formigón, anclaxes rápidos ou expansivos, placas de ancoraxe e todo o material necesario.

Dado que algunas das zonas obxecto de contratación poden non acadar o nivel óptimo por diferentes motivos o adxudicatario comprométese a realizar todo os labores de reposición necesarios encamiñados á recuperación das zonas nun prazo máximo de 4 meses contados a partir da formalización do contrato.

6.- HORARIOS

A xornada laboral habitual de traballo desenvolverase entre as 7:45 e as 15:00 horas, de luns a venres. Ademais terase en conta o seguinte:

Dado que os sábados, domingos e festivos é cando máis se utilizan as parques infantís o adxudicatario porá a disposición os medios necesarios (materiais, humanos,...) para proceder a efectuar todos os labores de mantemento e limpeza, nos citados días, co obxecto de obter as áreas nunhas perfectas condicións de uso e disfrute para os usuarios.

9.- MATERIAL E FERRAMENTAS

A adquisición de todo tipo de material necesario para a prestación do servizo será de conta e cargo do adxudicatario, así como os gastos de entretemento, conservación e mantemento para un perfecto funcionamento durante o período de vixencia do contrato.

O adxudicatario deberá achegar cantas ferramentas se precisen para a boa realización do servizo e disporá das reservas correspondentes para suplir as normais incidencias que xurdan. Todas elas deberán atoparse en perfecto estado de conservación e limpeza en todo momento.

Así mesmo todo o material estará homologado e cas marcaxes da CE.

10.- VEHÍCULOS E MAQUINARIA

Os vehículos deberán ser adecuados ás funcións que deban realizar, debendo ter bo aspecto exterior e de fácil lavado tanto interiormente como

5 de 6



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2017 12:42	Páxina 5 de 6
Expediente 10114/446	CSV: 2BEE4-8E2AA-A3EAA-E4ABA	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



exteriormente.

Todos os vehículos e maquinaria que aporte o adxudicatario se atopará en perfectas condicións, tanto estético como funcionais e de mantemento.

Quédalle prohibido ao adxudicatario introducir vehículos de tracción mecánica nos parques, agás nos casos necesarios para os labores propios do servizo.

Para isto e para calquera caso excepcional, solicitarase o oportuno permiso do Departamento de Montes, Parques e Xardíns.

Todos os vehículos deberán ir provistos dun sistema de localización rápido e eficaz que permita coñecer en todo momento a súa situación (GPS).

Así mesmo, os vehículos deberán ir rotulados segundo texto e indicación do Departamento de Montes, Parques e Xardíns.

11.- SERVIZO DE INSPECCIÓN E CONTROL

O Concello de Vigo inspeccionará en todo momento a forma de prestación do servizo adxudicado en relación coas especificacións do presente prego. O departamento de Montes, Parques e Xardíns manterá un servizo de inspección coa organización que estime oportuna, se ben, comunicaralle ao adxudicatario as persoas que han de ter relación directa con el.

As facultades dos técnicos designados para desempeñar o servizo de inspección serán as seguintes:

- a) Controlar que os labores se efectúen oportunamente e na forma estipulada.
- b) Controlar se cumpre tanto o estipulado neste prego de bases como nos posibles compromisos posteriores do adxudicatario en canto ao número e cualificación do persoal operario nas distintas zonas para o que existirá un sistema de control dixitalizado e diario conectado ao servizo municipal de parques e xardíns.
- c) Determinar se os equipos, maquinaria e ferramentas que teñan que utilizar na realización dos labores satisfacen as condicións esixidas no presente prego.

GMC/icg

Vigo, na data da sinatura dixital que figura na marxe,
O xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns,
Asdo.- Gilberto Moldes Crespo



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 26/12/2017 12:42	Páxina 6 de 6
Expediente 10114/446	CSV: 2BEE4-8E2AA-A3EAA-E4ABA	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		